

## DELEGACIÓN DE RISCOS



Nestes días, algúns Directores/ás Comerciais e de oficina están a recibir o convite de Auditoría para encher unha enquisa, sobre o nivel de coñecemento que teñen sobre as delegacións de riscos, normativa, limitacións, formas de decisión, etc., sen saber moi ben cal é o fin perseguido por esta, o que xerou certa incerteza e intranquilidade.

O certo é que esta non é unha cuestión banal, xa que a correcta interpretación e aplicación da Delegación de Riscos é fundamental para o bo desenvolvemento do noso traballo, relacionado coa autorización de propostas de activo aos nosos clientes, evitando sorpresas desagradables a posteriori, como son ser obxecto de sanción ou amoestación por parte da empresa.

Dende **CCOO**, e considerando a importancia que ten á hora de querer ser un Banco 10, reclamamos de BBVA unha maior información e significación de todo cambio que afecte á normativa da delegación de riscos, e mesmo consideramos que serían necesarias algunhas sesións formativas, presenciais ou por videoconferencias, para poñer en común as dúbidas e as diferentes interpretacións da norma que se poidan presentar. Máis necesario, se cabe, dende que recentemente BBVA reestruturou e segmentou os riscos e asignou a Banca Comercial as Pemes con facturación de ata 5 MM de euros.

É moi importante tamén que o Banco sexa o suficientemente dilixente para ter ao día esas delegacións nas CBCs, onde directores/ás ou xestores/ás de Pemes as asumiron, e non se estean a sancionar operacións con facultades non actualizadas ou fose de lugar.

Dende **CCOO**, facemos chegar a nosa inquietude e a nosa preocupación a BBVA polo resultado da enquisa, e pedimos que tomen as medidas oportunas de información e formación necesarias nesta materia, para o bo desenvolvemento do noso traballo, e para tranquilidade de todos e todas.

**Seguimos traballando, seguiremos informando.**

Abril 2015

### Ficha de afiliación

Data .....

Nome e apelidos .....

DNI ..... Teléfono ..... Data nacemento .....

Crave oficina ..... Dirección.....

Poboación ..... Código postal .....

Domiciliación bancaria:

--	--	--	--	--

IBAN

--	--	--	--	--	--

Banco/Caixa

--	--	--	--	--

Oficina

--	--

DC

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Conta corrente/libreta

Correo electrónico ..... Firma:

### PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidad con la ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal, te informamos que tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como -en todo caso- a la C.S. CCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es> hacer clic sobre Conoce CCOO. La finalidad del tratamiento de tus datos, por parte de todas ellas, la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado/afiliada. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a C.S. CCOO Responsable de Protección de datos, C/ Fernández de la Hoz nº 12 - 28010 Madrid. Deberás indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un correo electrónico a [lodp@ccoo.es](mailto:lodp@ccoo.es) o llamar al teléfono 917028077.